

## **ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (ARTIGOS 92 E SEGUINTE LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS)**

### **Natureza e feito imponible**

1. O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calesquera que sexan a súa clase e categoría.
2. Considérase vehículo apto para a circulación o que tivera sido matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non teñan causado baixa nestes. Aos efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.
3. Non están suxeitos a este imposto:
  - a. Os vehículos que tendo sido dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, podan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas aos desta natureza.
  - b. Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cuxa carga útil non sexa superior a 750 quilogramos.

### **Exencións**

1. Estarán exentos do imposto:
  - a. Os vehículos oficiais do Estado, comunidades autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadán.

- b. Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado. Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.
- c. Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.
- d. As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ao traslado de feridos ou enfermos.
- e. Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, de 23 de decembro. Así mesmo, estarán exentos os vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte. As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios delas por máis de un vehículo simultaneamente. Aos efectos do disposto neste parágrafo, consideraranse persoas con discapacidade quenese teñan esta condición legal en grado igual ou superior ao 33 por cento.
- f. Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ao servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.
- g. Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos de cartilla de inspección agrícola.

2. Para poder aplicar as exencións ás que se refiren os parágrafos e) e g) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar a súa concesión, indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. Declarada a exención pola administración municipal, expedirase un documento que acredite a súa concesión. En relación coa exención prevista no segundo parágrafo do parágrafo e) do apartado 1 anterior, o interesado deberá aportar o certificado de minusvalía emitido polo órgano competente e xustificar o destino do vehículo ante o Concello da imposición, nos termos que este estableza na correspondente ordenanza fiscal.

### **Suxeitos pasivos**

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria, a cuxo nome conste o vehículo no permiso de circulación.

### **Cota**

1. O imposto esixirase con arreglo ao seguinte cadro de tarifas segundo o tipo de vehículo:

#### Potencia e clase de vehículo

#### Cota euros

##### A) Turismos:

a. De menos de 8 cabalos fiscais	14,84€
b. De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	40,08€
c. De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	84,60€
d. De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	179,22€
e. De 20 cabalos fiscais en diante	224,00€

**B) Autobuses:**

a. De menos de 21 prazas	104,04€
b. De 21 a 50 prazas	162,30€
c. De máis de 50 prazas	219,34€

**C) Camións**

a. De menos de 1000 kgs de carga útil	49,72€
b. De 1000 a 2999 kgs de carga útil	97,96€
c. De máis de 2999 a 9999 kgs de carga útil	175,47€
d. De máis de 9999 kgs de carga útil	235,65€

**D) Tractores**

a. De menos de 16 cabalos fiscais	20,78€
b. De 16 a 25 cabalos fiscais	32,66€
c. De máis de 25 cabalos fiscais	97,96€

**E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica**

a. De menos de 1000 e máis de 750 kgs de carga útil	20,78€
b. De 1000 a 2999 kgs de carga útil	32,66€
c. De máis de 2999 kgs de carga útil	123,20 €

**F) Vehículos**

a. Ciclomotores	5,20€
b. Motocicletas ata 125 centímetros cúbicos	5,20€
c. Motocicletas de máis de 125 c.c. ata 250 c.c.	8,90€
d. Motocicletas de máis de 250 c.c. ata 500 c.c.	17,82€
e. Motocicletas de máis de 500 c.c. ata 1000 c.c.	48,13€
f. Motocicletas de máis de 1000 c.c.	103,53€

2. O cadro de cotas poderá ser modificado pola Lei de orzamentos xerais do Estado
3. Regulamentariamente determinarase o concepto das diversas clases de vehículos e as regras para a aplicación das tarifas.
4. Os concellos poderán incrementar as cotas fixadas no apartado 1 deste artigo mediante a aplicación sobre elas dun coeficiente, o cal non poderá ser superior a 2. Os concellos poderán fixar un coeficiente para cada unha das clases de vehículos previstas no cadro de tarifas recollido no apartado 1 deste artigo, o cal poderá ser, á súa vez, diferente para cada un dos tramos fixados en cada clase de vehículo, sen exceder, en ningún caso, o límite máximo fixado no parágrafo anterior.
5. No caso de que os concellos non fagan uso da facultade a que se refire o apartado anterior, o imposto esixirase con arreglo ás cotas do cadro de tarifas.
6. As ordenanzas fiscais poderán regular, sobre a cota do imposto, incrementada ou non pola aplicación do coeficiente, as seguintes bonificacións:
  - a. Unha bonificación de ata o 75 % en función da clase de carburante que consuma o vehículo, en razón á incidencia da combustión de dito carburante no medio ambiente.
  - b. Unha bonificación de ata o 75 % en función das características dos motores dos vehículos e a súa incidencia no medio ambiente.
  - c. Unha bonificación de ata o 100 % para os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se esta non se coñecera, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar. A regulación dos restantes aspectos

sustantivos e formais das bonificacións a que se refiren os parágrafos anteriores establecerase na ordenanza fiscal.

### **Período impositivo e devengo**

1. O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos
2. O imposto devéngase o primeiro día do período impositivo.
3. O importe da cota do imposto ratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o rateo da cota nos mesmos termos nos supostos de baixa temporal por sustracción ou roubo do vehículo, e elo desde o momento en que se produza dita baixa temporal no rexistro público correspondente.

### **Xestión tributaria do imposto**

A xestión, liquidación, inspección e recadación, así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria correspondente ao concello do domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo.

### **Autoliquidación**

1. Os impostos poderán esixir este imposto en réxime de autoliquidación.
2. Nas respectivas ordenanzas fiscais os concellos disporán a clase de instrumento acreditativo do pago do imposto.

### **Xustificación do pago do imposto**

1. Quenes soliciten ante a xefatura provincial de tráfico a matriculación ou a certificación de aptitude para circular dun vehículo, deberán acreditar previamente o pago do imposto.

2. Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á xefatura provincial de tráfico a súa reforma, sempre que se altere a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo ou de baixa de ditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida xefatura provincial o pago do último recibo presentado ao cobro do imposto, sen prexuízo de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pago de todas as débedas por dito concepto devengadas, liquidadas, presentadas ao cobro e non prescritas. Exceptúase a referida obrigação de acreditación no suposto das baixas definitivas de vehículos con 15 ou máis anos de antigüidade.

3. As xefaturas provinciais de tráfico non tramitarán os expedientes se non se acredita o pago do imposto, nos termos establecidos nos apartados anteriores.

## **MODIFICACIÓN ORDENANZA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (Ano 2008)**

### **TARIFAS EN FUNCIÓN DA POTENCIA E CLASE DE VEHÍCULOS**

<b>POTENCIA E CLASE DE VEHÍCULO</b>	<b>COTA</b>	<b>COEF.</b>	<b>TARIFA</b>
-------------------------------------	-------------	--------------	---------------

#### **A) TURISMOS**

De menos de 8 cabalos fiscais	12,62	1,176	14,84
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	34,08	1,176	40,08
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	71,94	1,176	84,60
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	89,61	2,0	179,22
De máis de 20 cabalos fiscais	112,00	2,0	224,00

#### **B) AUTOBUSES**

De menos de 21 prazas	83,30	1,249	104,04
De 21 a 50 prazas	118,64	1,368	162,30
De máis de 50 prazas	148,30	1,479	219,34

#### **C) CAMIÓN**

De menos de 1.000 kg. de carga útil	42,28	1,176	49,72
De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil	83,30	1,176	97,96
De máis de 2.999 a 9.999 kg. de carga útil	118,64	1,479	175,47
De máis de 9.999 kg de carga útil	148,30	1,589	235,65

#### **D) TRACTORES**

De menos de 16 cabalos fiscais	17,67	1,176	20,78
De 16 a 25 cabalos fiscais	27,77	1,176	32,66
De máis de 25 cabalos fiscais	83,30	1,176	97,96



**E) REMOLQUES E SEMIREMOLQUES****ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

De menos de 1.000 kg. de carga útil e máis de 750 kg.	17,67	1,176	20,78
De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil	27,77	1,176	32,66
De máis de 2.999 kg. de carga útil	83,30	1,479	123,20

**G) VEHÍCULOS**

Ciclomotores	4,42	1,176	5,20
Motocicletas ata 125 cm <sup>3</sup>	4,42	1,176	5,20
Motocicletas de máis de 125 ata 250 cm <sup>3</sup>	7,57	1,176	8,90
Motocicletas de máis de 250 ata 500 cm <sup>3</sup>	15,15	1,176	17,82
Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 cm <sup>3</sup>	30,29	1,589	48,13
Motocicletas de máis de 1.000 cm <sup>3</sup>	60,58	1,709	103,53

De acordo ao artigo 95.6.c este concello establece unha bonificación do 100% para os vehículos históricos ou de máis de 25 anos de antigüidade. A estes efectos os interesados deberán solicitar a bonificación correspondente e será a administración quen verifique o carácter histórico do vehículo, estimándose, a tal efecto, que terán tal carácter aqueles cunha antigüidade mínima de 25 anos.